PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Curso 2015-2016

Ceip Condesa de Fenosa

O Barco de Valdeorras

(Ourense)

ÍNDICE

- INTRODUCIÓN.
- CONTEXTUALIZACIÓN SOCIO-LINGÜÍSTICA DA CONTORNA .
- CONTEXTUALIZACION SOCIO-LINGÜÍSTICA DE CENTRO.
- OBXECTIVOS.
- DISTRIBUCIÓN HORARIA.
- ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE

1.- INTRODUCIÓN:

Este Proxecto Lingüístico de Centro responde ás directrices emanadas do Decreto 79/2010, de 20 de maio, decreto que arestora desbotou, en dous dos artigos que constitúen o celme do mesmo, unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao atopar que a elección de lingua no ensino non é unha decisión das persoas individuais, senón materia na que debe lexislar o goberno galego atendendo ao esprito do Estatuto de Autonomía.

Na espera dunha renovación lexislativa que evite as eivas actuais, e dunha definición clara da política de promoción do noso idioma e da nosa cultura por parte da administración competente, atéremonos ás liñas que emanan do noso proxecto sociolingüístico de centro, así como aos resultados das enquisas aos pais/nais actualmente impugnadas pola sentenza antedita, pero que, no noso caso, veñen confirmarse mutuamente. Así constatamos que o galego é lingua ambiental nunha gran maioría dos fogares, e a competencia do alumnado nel debería ser similar, cando menos ao castelán. Non é así: a acusada minorización do noso idioma en determinados ámbitos (massmedia, recursos tecnolóxicos e de ocio) xunto coa realidade evidente dunha situación de diglosia, fan que o noso alumnado demostre un rexeitamento ao uso oral dogalego no ámbito escolar, aínda nos alumnos e alumnas que usan este idioma comovehículo nas relacións familiares.

Daquela unha tarefa necesaria para acadar unha normalización, aínda lonxana, dos nosos usos idiomáticos, pasa polo fomento do uso do galego dentro da comunidade escolar tanto a nivel escrito como oral, para o que este proxecto lingüístico pretende, coas súas propostas de actividades, propiciar situacións favorables ao emprego do noso idioma e á posta en valor da nosa cultura tradicional e o coñecemento da nosa literatura.

Partimos da consideración básica de que a competencia lingüística é fundamental para potenciar o desenvolvemento do pensamento dos nenos/as, dado que ao través dela desenvolven a súa imaxinación e creatividade, aprenden, constrúen a súa identidade persoal, mostran as súas emocións, o seu coñecemento do mundo e a súa percepción da realidade, inseríndose deste xeito na súa contorna cultural. Neste documento hase contextualizar a situación socio-lingüística da contorna na que se ubica o noso centro, e, asemade, a situación socio-lingüística actual no centro, froito de enquisas realizadas en cursos precedentes a membros de cada grupo integrante da comunidade educativa.

Amais diso, establécense os obxectivos de actuación con cada un dos sectores implicados, a distribución horaria en cada un dos niveis educativos, así como estratexias e actividades de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, tanto na Educación Infantil como na Educación Primaria.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN SOCIO-LINGÜÍSTICA DA CONTORNA :

O noso centro, o CEIP Condesa de Fenosa, está ubicado na vila de O Barco de Valdeorras, na parte oriental da provincia de Ourense. Esta vila, posúe un censo

aproximado duns quince mil habitantes, mais cunha poboación de feito moito maior. Os piares fundamentais da súa economía son o sector servizos, a construción, un dos sectores máis dinámicos da provincia, e a industria da lousa, que é o sector por excelencia da nosa bisbarra.

Debido precisamente a este “boom” da lousa e da construción, O Barco foi nos derradeiros anos un foco de forte inmigración. Os inmigrantes superan o 10% da poboación. Non hai normalmente conflitos de acollida nin de adaptación, aínda que nos últimos tempos tense detectado algúns problemas relacionados con grupos xuvenís marxinais.

Hoxe en día o paro, debido a crise, afecta á comarca pero a achega dos inmigrantes sostense grazas a percepción dos subsidios e á espera dun repuntamento da economía louseira. Aínda así, o incremento desta poboación retraeuse, sendo así que os novos alumnos/as do centro proceden na meirande parte doutros centros.

En canto á situación lingüística no Concello constátase un claro retroceso do galego a prol do castelán. Na zona rural segue a se empregar o galego como lingua vehicular mentres na vila hai unha maior presenza do castelán, sobre todo nos sectores de menor idade, froito dunha actitude claramente diglósica que arrastramos dende a longa noite de pedra (permítasenos esta licenza poética no ano de Celso Emilio), e que anos de esforzos normalizadores aínda non puideron mudar.

Aínda con esta situación os resultados das enquisas realizadas amosan outramente a presenza cotián do galego na vida dos nosos escolares, alomenos como lingua ambiental tanto nos seus fogares como na veciñanza.

3.- CONTEXTUALIZACION SOCIO-LINGÜÍSTICA DE CENTRO:

O Ceip Condesa de Fenosa é un colexio público de infantil (6 unidades) e primaria (12 unidades), que conta ademáis con aulas específicas de atención á diversidade. En total escolarízanse 364 alumnos/as por parte dunha plantilla de 35 mestres/as.
Sinalar que é este o único colexio do concello con transporte escolar, o que determina que recolla a todo o alumnado procedente das áreas rurais circundantes e das urbanizacións que arrodean o núcleo urbán. Tamén é o centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades educativas específicas.

Sinalar que tanto no Barco como no propio colexio existe unha significativa presenza de inmigrantes que chega(ba)n a estas terras á calor do emprego no sector da louxa. A orixe desta poboación inmigrada é moi diverso destacando os procedentes de Portugal e de América Latina, aínda que tamén hai poboación doutras zonas de España e do leste de Europa.

A súa situación xeográfica, preto da división administrativa de Galiza con Castela-León fai que os colexios da zona, e o noso non é unha excepción, sexan atractivos para persoal docente non galego, fundamentalmente do Bierzo, pero tamén doutras zonas da comunidade autónoma veciña.

Na situación lingüística no Centro prodúcese un fenómeno similar á do Concello, a competencia lingüística a nivel oral está en claro retroceso, mentres que na escrita é equiparable ao castelán. Sen embargo, hai que resaltar que o idioma utilizado nas actuacións administrativas, e naquelas materias que así o especifica a lei é o Galego.

Tal como figura no Proxecto Socio-Lingüístico de Centro, o ENDL levou adiante unha serie de enquisas entre o alumnado do colexio e entre o profesorado do mesmo, sobre unha mostra de alumnos/as elixidos ao chou, cunha representación igual en cada sector de idade, a fin de coñecer a situación real da lingua no noso centro.

Resultado da mesma foi a constatación bastante abondosa da presenza do galego na vida do alumnado do centro. Moitas familias empregan o galego nas súas relacións familiares, fundamentalmente entre os adultos da mesma, polo que a súa presenza ambiental é xeralizada, aínda que en distintos niveis de uso.
Pola contra, vese que a lingua na que se dirixen os adultos aos nenos e nenas é maioritariamente o castelán, e que tamén, unha boa maioría dos/as cativos/as empregan o castelán única ou maioritariamente na súa fala cotián. Dáse a situación, bastante xeralizada de falar os adultos da familia entre si en galego, adoptando o castelán ao se dirixiren aos cativos.

Reprodúcese, xa que logo, unha situación lingüística cuns rasgos claramente diglósicos, que fan que o alumnado, se ben é competente no uso do idioma, polo seu coñecemento familiar e escolar do mesmo, non o empregue nas súas relacións espontáneas.

Os datos que mostran a enquisa realizada ao profesorado do centro amosan unha porcentaxe non moi significativa, pero existente, de mestre/as con carencias de formación en lingua galega, debido á proximidade xeográfica coa comunidade de Castela-León.

O atractivo deste destino, polo que supón de achegamento aos seus fogares, para o profesorado orixinario desa comunidade é evidente, e provoca ás veces que traballe persoal no centro falto, moitas veces, dunha boa competencia lingüística, e que, daquela, non serven para modelos lingüísticos dos alumnos.

Outramente hai exemplos dunha perfecta adaptación e uso do idioma por persoal desta procedencia, que demostra claramente que non existe imposibilidade de integración nun modelo de ensino con presenza do galego se hai vontade persoal e profesional de facelo.

Polo tanto, á calor dos datos da enquisa, xurde un claustro heteroxéneo onde o emprego do Galego é sentido con diferente consideración e afróntase o seu uso de distintos modos, independentemente da procedencia do mesmo, saíndo así unha porcentaxe de profesorado que non emprega o Galego como lingua vehicular.
Un dos obxectivos prioritarios deste proxecto é mellorar esta situación. Hai que sinalar, non embargantes, a moi boa disposición á formación e o desexo de adquirir esa capacitación por parte de todo/as, o que constitúe un importante avance na valoración do idioma e polo tanto da posible solución dalgúns dos problemas do noso idioma no ámbito educativo.

4.- OBXECTIVOS:

Un dos principais obxectivos do traballo lingüístico no centro é acadar que cando menos, os nenos e nenas galegofalantes non perdan a oralidade na súa lingua por mor da situación socio-lingüística da contorna e do centro, e que máis ben, todos os membros da comunidade educativa poidan falar con orgullo na lingua propia de Galicia.

Outro dos retos a conseguir é o de equiparar a adquisición de competencias lingüísticas nas dúas linguas cooficiais de Galiza, actualmente en claro retroceso por parte do idioma Galego.

Atendendo a cada un dos sectores da Comunidade Educativa, establecemos os seguintes obxectivos para este Proxecto Lingüístico de Centro:

CONTORNA.

• Fomentar o uso do galego en tódolos ámbitos.
• Utilizar estratexias para superar o estado de desprestixio da lingua galega.
• Traballar en prol dunha escola integrada no seu contorno cultural e lingüístico.
• Respectar e valorar as variantes dialectais presentes no contorno.
• Recoller e difundir a cultura popular de tradición oral da nosa bisbarra.
• Potenciar a celebración das festas populares da comarca e daquelas marcadas polo calendario festivo da comunidade (Letras Galegas).
• Fomentar a práctica e coñecemento de xogos populares como elementos da nosa cultura.

PROFESORADO

• Asegurar que todo o profesorado coñece e pon en práctica os acordos acadados no que atinxe á utilización do galego.
• Fomentar o uso do galego en tódos os ámbitos.
• Utilizar estratexias para superar o estado de desprestixio da lingua galega.
• Facer fincapé na oralidade da lingua galega.
• Incorporar a filosofía do proxecto da A21EG ás actuacións a prol do Fomento do uso do galego.
• Asesorar ao profesorado naqueles aspectos lingüísticos que sexa oportuno.

ALUMNADO

• Fomentar o uso do galego en tódolos ámbitos.
• Facer fincapé na oralidade da lingua galega.
• Incorporar a filosofía do proxecto da A21EG ás actuacións a prol do Fomento do uso do galego.

CENTRO

• Dotar ao centro dunha estrutura que asegure unha postura común a seguir por toda a comunidade educativa, en canto ao uso do galego.
• Fomentar un ambiente grato e propicio para o emprego da lingua galega.
• Fomentar o uso do galego en tódolos ámbitos.
• Utilizar estratexias para superar o estado de desprestixio da lingua galega, velando polo cumprimento dos contidos establecidos pola “Carta europea das

linguas rexionais e minoritarias"; informando, de xeito obxectivo, de cales son os dereitos e deberes, en canto a aprendizaxe da nosa Lingua.
• Facer fincapé na oralidade da lingua galega.
• Velar para que se respecten as áreas e as horas que deben ser impartidas en lingua galega.
• Traballar en prol dunha escola integrada no seu contorno cultural e lingüístico.
• Respectar as variantes dialectais presentes na contorna.
• Recoller e difundir a cultura popular de tradición oral da nosa bisbarra.
• Promover o interese por coñecer o ámbito xeográfico galego a través das danzas populares, e desenvolver o gusto pola música como manifestación popular aprendendo partes dunha danza e do traxe popular galego.
• Valorar a cultura oral tradicional herdada dos nosos devanceiros, fomentando a comunicación entre xeracións dentro das familias e/ou do entorno próximo ao neno/a.
• Dotar ao Centro con material de soporte escrito, informático e audiovisual en lingua galega e promover dende a Biblioteca Escolar e dende as aulas o seu uso.
• Incorporar a filosofía do proxecto da A21EG ás actuacións a prol do Fomento do uso do galego.
• Potenciar a celebración das festas populares da bisbarra e daquelas marcadas polo calendario festivo da comunidade (Letras Galegas).
• Fomentar a práctica de xogos populares como elemento da nosa cultura.
• Asesorar a comunidade educativa naqueles aspectos lingüísticos que sexa oportuno.
• Colaborar con outros centros, entidades e institucións na realización de actividades cuxo obxectivo sexa potenciar o uso do idioma galego, revitalizar tradicións ou recuperar a cultura.

PAIS/NAIS
• Utilizar estratexias para superar o estado de desprestixio da lingua galega.
• Potenciar a súa participación en actividades encamiñadas ao uso e fomento do Galego.
• Promover un ambiente cálido nas titorías que nos leve ao achegamento entre diferentes posturas cara a aprendizaxe da nosa lingua.
• Dar publicidade a aquelas manifestacións culturais da comunidade que estean encamiñadas a promover o uso do idioma Galego e o coñecemento das tradicións (festas tradicionais, conferencias, convocatoria de concursos doutras entidades distintas das meramente educativas...).
• Animar á Comunidade Educativa nomeadamente aos pais/nais e familia a participar na realización de diversas publicacións: revista escolar, libros de receitas...

5.- DISTRIBUCIÓN HORARIA:

De acordo co establecido no Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 12, referente a horarios e emprego das linguas, no seu punto 1: " Se asignará globalmente o mesmo número de horas ó ensino das asignaturas de lingua galega e lingua castelá".

a) Educación Infantil: Segundo o artigo 5, do Decreto 79/2010 nos seus puntos 1 e2

establécese que na etapa de educación infantil o profesorado empregará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, se ben deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que ao alumnado adquira, de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.
A lingua materna predominante do alumnado, será determinada polo centro educativo de acordo co resultado da enquisa efectuada a pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla, atendendo de maneira individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua
materna.
Elaborada esa consulta a pais no noso centro, enquisa que como xa se comentou resultou impugnada polo TSXG, resultou a elección da lingua galega como lingua materna entre os nenos/as do centro, seguindo criterios reflectidos no Proxecto Socio Línguüísitco
de Centro.

b) Educación Primaria: Dacordo co establecido no Decreto 79/2010, de 20 de maio, no seu artigo 6 adicado á Educación Primaria, se garantizará a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As asignaturas de lingua se impartirán no idioma de referencia. Se impartirá en galego a materia de
Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a asignatura de Matemáticas.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido en regulamento de centros, decidirá a lingua na que se impartirá o resto de asignaturas de cada curso, garantindo que as asignaturas en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas, sen perxuizo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de asignaturas en linguas extranxeiras). Este proceso se realizará cada catro cursos escolares.

No noso centro, a maiores das asignaturas de obrigado cumprimento, estanse a impartir tamén en galego as clases de educación plástica, música, informática e de educación física. Tamén queremos sinalar que aínda que o idioma que se emprega con normalidade no ensino das clases de Lingua Estranxeira (Inglés) é precisamente o inglés, cando o mestre, por algunha razón, ten que facer uso doutra lingua na clase (unha explicación, un
aviso...) faino en galego.

6.- ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE

Atendendo ao marco lexislativo do devandito decreto de plurilingüismo, o centro debe expoñer cales son as estratexias para garantir a adquisición oral e escrita dunha competencia similar nas dúas linguas oficiais.
A realidade social que atopamos e tentamos describir neste documento implica un esforzo notable pola dignificación e valoración do galego, xa que a súa situación diglósica e o seu estado de minorización así o requiren.

A) EDUCACIÓN INFANTIL

En Educación Infantil, a diferenza da Educación Primaria, a aprendizaxe da língua é un proceso global, que atinxe tódolos momentos educativos. Atendendo á lingua vehicular do proceso de aprendizaxe-ensinanza, empregamos a lingua galega, aínda que tamén se traballa a competencia na outra lingua oficial da nosa nacionalidade.

A nosa metodoloxía, que tentamos sexa o máis construtivista posible, levanos a asumir o desenvolvemento do traballo por proxectos.
De acordo á esta metodoloxía, onde o proceso educativo é global e impregna todos os momentos do traballo diario, resulta de grande dificultade a cuantificación do horario específico adicado ao ensino de cada unha das dúas linguas oficiais. Como estratexias metodolóxicas fundamentais destacar as seguintes:

- Atendendo á lingua vehicular do proceso de aprendizaxe-ensinanza, normalmente, tratamos de empregar a lingua galega, por estar así decidido no Proxecto Educativo do Centro e coincidir cos valores da enquisa realizada aos pais/nais.
- Emprego de documentación de traballo bilingüe.Traballamos con materiais escritos en lingua galega e en lingua castelá.
- Emprego de oralidade e materiais (diccionarios, enciclopedias) en lingua castelá, para a clarificación terminolóxica de termos confusos, descoñecidos ou de especial dificultade. Algunhas das actividades para o desenvolvemento da competencia lingüística nas dúas línguas, tendo en conta que esta competencia está referida ó uso por parte do neno/a das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir, son as seguintes:
- Os rituais diarios :
    - o asemblea:
    - o tempo de diálogo
    - o planificación das tarefas ó comezo do día,
- O tempo da “Lectura Silenciosa”
- A creación das normas da clase,
- O conto e o seu ritual.
- Invento un conto a apartir de preguntas.
- Actividade “O Libro dos Luns”:
- Buscamos información en libros sobre o proxecto que estamos a traballar.
- Lemos tarxetas de vocabulario relacionadas co proxecto
- Fago unha lista enumerativa de palabras relacionadas cun tema.
- Descripción de obxectos, persoas e situacións.
- Escribo unha noticia
- Preparamos unha entrevista
- Aprendemos e escribimos receitas

B) EDUCACIÓN PRIMARIA:

Dadas as características do noso colexio extraídas dos resultados das enquisas realizadas polo ENDL, contempladas no Proxecto Socio-Lingüístico de Centro, e da análise do entorno social, consideramos prioritarias as seguintes estratexias como pasos absolutamente necesarios para unha normalización

efectiva do noso idioma:

- Acadar unha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Manter unha actitude de constante diálogo coas familias, informándoas de todas as acción de normalización levadas adiante.
- Procura de todo o material didáctico posible en galego.
- Priorización do uso do idioma galego nas TICs, mantendo os sistemas operativos en galego, suites ofimáticas, programas clic e Jclic, programas de deseños gráficos...
- Uso do galego non só nas actividades docentes, senón que se usará tamén nas extraescolares, no comedor...
- Promoción das visitas ao contorno do colexio.
- Desenvolvemento dun clima de uso sen prexuízos do idioma, prestando unha atención especial á oralidade, promovendo situacións de comunicación nas que esta poida desenvolverse por parte do alumnado.
- Fomento dunha actitude positiva do profesorado cara ao proceso normalizador ao tempo que se promoven actividades de formación para garantir a capacitación lingüística do mesmo. O ENDL asesorará ao profesorado que así o demande. Algunhas das actividades propostas no proxecto, véñense desenvolvendo cada curso, dende hai varios anos, e outras son novas propostas feitas dende os equipos que traballan no centro.

e.n.d.l.

LISTADO DE ACTIVIDADES ESPECÍFICAS

Curso 2015-2016

*Ademais das actividades en colaboración cos Equipos de Biblioteca, Axenda 21 e Actividades extraescolares estas son as actividades específicas anovadas para o presente curso escolar.

ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN DOCENTE:	✓ "Cadernos Informativos de pais e nais". ✓ Actividades complementarias en galego. ✓ Tradución de materiais e recursos a linguaxe pictográfica en galego. ✓ Asesoramento na revisión de documentos de centro.

ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS

✓ **"Taboleiro de aniversarios":** Panel de cortizo, decorado e colocado nunha das entradas do centro onde os alumnos/as serán homenaxeados polo seu aniversario, cunha imaxe e mensaxes de felicitación polo seu aniversario dos seus compañeiros de aula.

✓ **"Os nosos autores en voz alta":** Lectura de poesías de Manuel María (autor homenaxeado este ano pola Real Academia Galega).

✓ **"Ciencia en galego"** (*Experiencias físicas e químicas da nosa contorna.*) Enmarcado no currículo das áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, así como nos proxectos que están a realizar algúns cursos, propoñemos que nesta ocasión a Ciencia en Galego sexan experiencias físicas e químicas, explicadas por grupos en todas as súas fases coa realización de vistosas presentacións e maquetas. Os científicos serán o alumnado dos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria. Se realizarán dúas experiencias por aula, sendo un total de 8 experiencias en total. Ao longo da semana do 23 ao 27 de novembro na "Semana da Ciencia en Galego", e no salón de actos os diferentes cursos poderán visionar as experiencias realizadas polos seus compañeiros.

✓ **"O NADAL NO CONDESA":**

- Visita de "O Apalpador en Educación Infantil".
- Festival de Nadal: Representación de obras de teatro, panxoliñas, cantos de reis, na nosa lingua.

✓ **"A CAIXA DO CORREO":** Facemos varias propostas para que risquedes a que considerades máis oportuna.

- **Correspondencia internivel e/ou interciclo:** Un aula realizará un envío dunha carta aos compañeiros da aula contraria (A a B/ B a A) e logo agardará a recepción da resposta. A comunicación pode ser entre os cursos superiores e inferiores (1º con 2º/ 3º con 4º/5º con 6º). A carta será realizada nun formato de sobre-carta establecido ou ben co formato convencional para os mais maiores. A recollida das cartas será na caixa do correo situada nunha das entradas do cole nos venres e logo repartida polo carteiro/a os luns.
- **Correspondencia con outro centro:** A petición dos interesados buscaríamos un aula "afín" na que o titor/a sexa coñecido e poidamos asegurar un seguemento da comunicación epistolar.
- **Envío de postais e ou cartas de Nadal:** Realizaránse postais de nadal ou cartas que se remitirán a familiares e/ou amigos. Recollemos o importe do custo do selo e o sobre, realizamos e revisamos as cartas ou postais na aula cos datos reais de destinatario e remitente que depositamos na caixa do correo do centro. Logo levaremos a correos todas as cartas.
- **Envío de "cartas de amor":** Co gallo do "día dos namorados" propomos un concurso de cartas de amor, ou ben a escritura de cartas de amor que deberán ser revisadas polos titores/as, depositadas na caixa do correo e entregadas polo carteiro o 14 de febreiro.

✓ **" MES DAS LETRAS GALEGAS":** Este ano adicadas ao escritor lucense Manuel María Fernández Teixeiro.

- **"A lingua nas ondas":** 4 programas radiofónicos en colaboración coa emisora local Radio Voz adicados a coñecer a biografía e obra do autor homenaxeado pola Real Academia das Letras Galegas, empregando a nosa lingua. As seccións que propomos serían as seguintes:
  - **E.I.-** "O personaxe misterioso".
  - **1º e 2º de E.P.:** Adivinas, chistes, trabalinguas...
  - **3º e 4º de E.P.:** "Noticiario histórico" (Novas reais acontecidas en Valdeorras ao longo da historia).
  - **5º e 6º de E.P.:** Presentación / Biografía/ Recitado e Dramatización dalgunha das súas poesías e obras dramáticas de Manuel María.
- **Festival das Letras:**
  - Escenificación de poemas de Manuel María.
  - Dramatización de obras de teatro de Manuel María.
  - Bailes tradicionais.

✓ **MOCHILAS POLA LINGUA:** Probablemente unha saída na primeira semana do mes de xuño en horario de mañá á localidade de Éntoma.